



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto que se tramitou o correspondente expediente en relación co proceso de selección para a constitución de bolsa de emprego para a selección dos integrantes da lista de reserva para a provisión interina do posto de secretario de clase terceira, reservado a funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, subescala de secretaría-intervención, cuxas prazas correspondentes están integradas no grupo A, subgrupo A-1.

Vista a proposta da relación de aspirantes aprobados que foi emitida polo Tribunal Calificador.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a relación de aspirantes propostos polo Tribunal calificador, que superaron as probas selectivas referenciadas, para a súa inclusión dentro da bolsa de emprego, que resulta ser a seguinte:

Ana Isabel Miniño Cacabelos, DNI. Núm. 77400609C.

Elisa Martinez Martinez, DNI. Núm. 36153955W

SEGUNDO. Notificar aos interesados a súa inclusión dentro da bolsa de emprego aos efectos oportunos, previa certificación do cumprimento de todos os requisitos da praza especificados nas bases da convocatoria.

TERCEIRO. Publicar a resolución no Taboleiro de Anuncios deste Concello. Así mesmo estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello www.concellodemondariz.gal.

CUARTO. De acordo co estipulado no artigo 46 (nomeamento funcionarios interinos) do Decreto 49/2009, de 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, propónse á Dirección Xeral de Administración Local da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza o nomeamento como funcionaria interina para o posto de secretaria de clase terceira, reservado a funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, subescala de secretaría-intervención, cuxas prazas correspondentes están integradas no grupo A,



Merouces 16
36870 Mondariz
(Pontevedra)
Tfno: 986 664 306
Fax: 986 656 006
info@concellodemondariz.com

subrupa A-1, de D^a. Ana Isabel Miniño Cacabelos, DNI. Núm. 77400609C, que acadou o primeiro posto no proceso selectivo realizado polo Concello de Mondariz para a dotación dese posto, e que presentou a documentación establecida nas bases da convocatoria.

O que manda e asina o Sr. Alcalde-presidente do concello en Mondariz a data que figura á marxe, ante min, o secretario, que certifico.